



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|----------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2018/19 |
| Asignatura (*) | Literatura Inglesa (Séculos XX e XXI) | Código | 613G03040 | |
| Titulación | Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Cuarto | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Inglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Toro Santos, Antonio Raul de | Correo electrónico | antonio.toro.santos@udc.es | |
| Profesorado | Toro Santos, Antonio Raul de | Correo electrónico | antonio.toro.santos@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Estudo histórico das principais etapas, movementos, obras e autores da literatura inglesa nos séculos XX y XXI. Estudo das obras principais, dun xeito completo ou fragmentario. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria. |
| A2 | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. |
| A3 | Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria. |
| A6 | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa. |
| A8 | Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira. |
| A10 | Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións. |
| A11 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada. |
| A12 | Coñecer os principios teóricos básicos da tradución directa e inversa e ser capaz de poñelos en práctica. |
| A14 | Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. |
| A15 | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica. |
| A16 | Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua inglesa. |
| A17 | Coñecer a historia e a cultura das comunidades anglófonas. |
| B1 | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. |
| B2 | Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas. |
| B3 | Adquirir capacidade de autoformación. |
| B4 | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno. |
| B5 | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. |
| B6 | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. |
| B7 | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. |
| B8 | Apreciar a diversidade. |
| B9 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
| B10 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional. |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |

Resultados da aprendizaxe



| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
|--|-------------------------------------|-----|----|
| | A1 | B1 | C2 |
| Coñecemento xeral da historia da literatura inglesa. | A2 | B2 | C3 |
| Coñecemento dos principais movementos literarios. | A6 | B3 | C5 |
| Coñecemento da influencia entre Inglaterra e Irlanda e viceversa. | A10 | B4 | C6 |
| Coñecementos dos autores principais. | A11 | B5 | |
| Coñecemento das obras máis importantes. | A12 | B6 | |
| Coñecemento conxunto e razoado da importancia e das características fundamentais da literatura inglesa dos séculos XX e XXI. | A14 | B7 | |
| | A15 | B8 | |
| Estratexias de análise na clase e pola conta do alumno. | A16 | B9 | |
| Exposición de traballos relacionados cos temas. | A17 | B10 | |
| Comentarios e estudos sobre obras e autores: estudo das técnicas de análise. | | | |
| Desenvolver instrumentos para o estudo literario, histórico, etc. | | | |
| Desenvolver técnicas de lectura e interpretación. | | | |
| Desenvolver hábitos de lectura como parte fundamental da construción integral do individuo. | | | |
| - Desenvolvemento dos hábitos de lectura, e de lectura crítica e analítica. Fomentar el interés por la literatura. | A1 | B1 | C2 |
| - Valoración duha obra literaria e da importancia dun autor nun contexto espacio-temporal. | A2 | B2 | C3 |
| - Desenvolvemento do traballo en equipa, colaboración e investigación. | A3 | B3 | C5 |
| - Desenvolvemento do traballo online e con novas tecnoloxías. | A6 | B5 | C6 |
| - Subliñara importancia das consultas e as titorías co profesor. | A8 | B8 | |
| | A15 | B9 | |
| | A16 | | |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |
| | |



| | |
|---|--|
| <p>Programa teórico e lecturas para analizar.</p> | <p>Programa e lecturas propostas:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Transición ao século XX 2.- O modernismo como movemento literario: poesía y novela. T.S. Eliot. James Joyce, etc. 3.- Virginia Woolf e o Grupo de Bloomsbury 4.- Literatura inglesa contemporánea anterior a 1945: poesía, teatro, novela 5.- Literatura inglesa contemporánea posterior a 1945. <p>LECTURAS OBLIGATORIAS QUE OS ALUMNOS DEBEN FACER POLA SÚA CONTA, E QUE DEBEN TER PREPARADAS PARA AS CLASES CANDO O SOLICITE O PROFESOR</p> <p>Poesía:</p> <p>T.S. Eliot, The Waste Land (1922) (Texto completo)</p> <p>Facilitarase unha escolla de poemas de W.B. Yeats, Rupert Brook, W.H. Auden, Dylan Thomas, P. Larkin, Ted Hughes, Seamus Heaney e outros autores, ao comenzo do curso.</p> <p>Novela:</p> <p>James Joyce, Ulysses (primeiro capítulo) (1922)</p> <p>Virginia Woolf, To the Lighthouse (lectura completa) (1927)</p> <p>NOVELAS CONTEMPORANEAS COMPLETAS PARA PRACTICAR NOS GRUPOS PEQUENOS</p> <p>O alumno debe elixir unha completa</p> <p>William Golding: The Lord of the Flies Kazuo Ishiguro, The Remains of the Day Doris Lessing, The Golden Notebook. Julian Barnes, Flaubert's Parrot. Hanif Kureshei: The Buddha of Suburbia.</p> <p>Teatro: (Texto completo, o alumno debe elixir unha) Harold Pinter, The Caretaker (1960) Samuel Beckett: Waiting for Godot.</p> |
|---|--|

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Proba mixta | A1 A6 A10 A11 A12 A16 A17 B1 B5 B10 C2 | 2 | 0 | 2 |
| Seminario | A2 A3 A8 B4 B7 | 20 | 0 | 20 |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A3 A6 A10 A15 B2 B3 B6 | 14 | 20 | 34 |



| | | | | |
|------------------------|---|----|----|----|
| Lecturas | A1 A2 A3 A6 A10 A11 A12 A16 B2 B3 B5 B7 B8 C2 C3 | 0 | 43 | 43 |
| Traballos tutelados | A1 A2 A3 A6 A14 A15 A16 A17 B2 B5 B8 B9 B10 C5 C6 | 0 | 30 | 30 |
| Discusión dirixida | A1 A3 A6 A11 A16 B4 B7 B10 C2 C6 | 10 | 10 | 20 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado**

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Proba mixta | Exame final cun valor do 50 por cento da materia, no que se combinará unha parte teórica de preguntas curtas con outra práctica de ensaio longo e análise de texto, con referencia aos autores vistos en clase. |
| Seminario | Sesións teóricas de literatura. |
| Análise de fontes documentais | Exercicio que deben realizar os alumnos en grupos de actividade cooperativa sobre un aspecto da materia non visto especificamente na aula. Análise de ensaio ou paper especializado. |
| Lecturas | Leituras que deben realizar os alumnos pola súa conta durante el curso. |
| Traballos tutelados | Traballos recollidos na aula cada semana máis un traballo final de carácter estritamente individual. O plaxio anulará o traballo e computarase, neste 30 por cento, como 0,00. |
| Discusión dirixida | A participación e contribución aos debates prácticos na aula suporá un 20 por cento da nota final. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados | Los profesores orientarán a los alumnos durante la realización de este trabajo. |

| Avaliación | | | |
|---------------------|---|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Discusión dirixida | A1 A3 A6 A11 A16 B4 B7 B10 C2 C6 | Debates e participación dos alumnos na aula. A non participación dun xeito continuado ou a resposta incorrecta tamén dun xeito continuado ás posibles cuestións, serán interpretadas como negativas nun 20 por cento da nota. Deste xeito, un alumno que non acade ningún punto nesta parte non poderá superar a nota de 8. | 20 |
| Proba mixta | A1 A6 A10 A11 A12 A16 A17 B1 B5 B10 C2 | Examen final teórico (modelo test) y con una parte práctica. | 50 |
| Traballos tutelados | A1 A2 A3 A6 A14 A15 A16 A17 B2 B5 B8 B9 B10 C5 C6 | Traballos diversos nos grupos de práctica de carácter semanal. O profesor recollerá cada semana uns dez traballos dun xeito aleatorio. Os traballos serán realizados sempre na aula, non na casa, agás un posible traballo final mais longo. | 30 |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
|-------------------------|



OBSERVACIÓNS MOI IMPORTANTES

Norma previa. Con carácter xeral, é necesario alcanzar un 4 en calquera das probas para que sexa tida en conta e sume co resto. Salvo a participación en clase, a proba que non alcance a nota especificada en xuño recuperarase en xullo, polo que a nota media da materia que apareza en xuño non poderá superar en ningún caso os 4,9 puntos, ata que esa parte da materia sexa recuperada. O resto das cualificacións obtidas serán conservadas até xullo. Os alumnos que non acudan á proba obxectiva, coñecida aquí como "proba mixta" (test, máis pregunta longa final, na que o test computa o 60 por cento e a pregunta longa o 40 por cento), en calquera das dúas oportunidades, e/ou aqueles alumnos/as cuxo traballo de curso (traballos e participación) represente unha porcentaxe inferior ao 50 %, recibirán a calificación de Non presentado (NP). Os/as alumnos/as que si realizasen a proba mixta e non a superaran, recibirán a nota numérica correspondente, e a cualificación de Suspenso.

A oportunidade de xullo, ou segunda oportunidade, constará tamén dunha proba escrita, mixta, como a anterior, con contidos teóricos e prácticos da materia. Esta proba computará como máximo o 50 por cento da nota final. O outro 50 % da oportunidade de xullo obterase a través dos traballos puntuais que se especificarán no seu momento e que ha de entregar o examinando (un traballo de 5-7 páxinas) o mesmo día da celebración da proba mixta ou obxectiva á que faciamos referencia.

Quien tenga concedida la dispensa académica, y como establece la Normativa de permanencia de la universidad, será evaluado siguiendo los criterios aplicables a la oportunidad de julio. Os alumnos matriculados a tempo parcial, que obtivesen unha 'Dispensa académica', deberán contactar cos profesores da materia sempre ao empezar o curso, en ningún caso mediado o ano, e, baixo ningún concepto ao final do mesmo.

Non se variarán as condicións de avaliación a aqueles alumnos que, con carácter xeral, non certificasen previamente a imposibilidade de asistir regularmente ás clases ou os que, no seu caso, optasen por solicitar dispénsaa académica. Os profesores planificarán en todos eses casos a adaptación curricular para eses alumnos, con referencia tanto ás probas obxectivas como aos traballos que han de entregar ou actividades evaluativas que haxan de levar a cabo. Igualmente estableceranse normas para substituír as porcentaxes daquelas actividades que se deriven da asistencia regular a clase, e que, nestes casos, non poderían realizarse.

Os alumnos que sigan a materia sen dispensa académica ou sen xustificacions documentais concretas que aconsellen a súa menor asistencia ás clases deberán cumprir, polo menos, un 90% das sesións presenciais da materia. O profesor poderá arbitrar a non posibilidade de examinar na primeira oportunidade a un alumno sen dispensa que non alcanzase o 90 por cento de asistencia a clase.

Os ensaios, traballos ou actividades, incluíndo os que se realicen durante o curso e/ou en clase, nos que se comprobe e demostre por parte do profesor a existencia de plaxio (copia), de fontes calquera, total ou parcialmente, serán cualificados invariablemente coa cualificación de 0.0 puntos, sen posibilidade de que dita cualificación sexa modificada pola realización dunha proba idéntica en substitución da proba obxecto do plaxio.

Os alumnos que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.

A avaliación dos traballos escritos de calquera tipo entenderase de acordo ao seguinte baremo.

Un ensaio correctamente escrito, pero sen profundidade de análise, contextualización e que demostre un adecuado e maduro coñecemento literario non poderá ser considerado aprobado.

- a) Profundidade da análise, madurez e coherencia... 4 puntos
- b) Compresión literaria e contextualización..... 3 puntos
- c) Estilo, orixinalidade e creatividade..... 2 puntos
- d) Corrección gramatical.....1 punto

A lectura das obras non é computable na nota, senón que resulta conditio sine qua non para ser avaliado/a.

As probas orais desta materia redúcense á participación en clase e aos debates, no seu caso, que supoñen como máximo un 20 por cento da nota final. Non se realizará ningunha proba oral nin presentación oral nesta materia nin durante as clases nin ao final, nin individual nin colectiva. As probas fundamentais serán sempre escritas.

O estudantado a tempo parcial e completo será examinado segundo os criterios da convocatoria de xullo.

"Turnitin

é unha aplicación de uso para o profesorado coa finalidade de revisar porcións de texto procedentes doutros textos e sinalar a súa procedencia. É unha boa ferramenta para detectar o plaxio.

O seu uso é opcional, pero

deberá advertirse ao estudiantado na guía docente xa que pode recoñecer traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso do mesmo estudante.

Se esta circunstancia

acontecese entenderase como contraria á honestidade académica e aplicarase a Normativa académica de evaluaciones, de calificaciónes y de reclamaciones avaliación."



Fontes de información

Bibliografía básica

- Kazuo Ishiguro (1991). *The Remains of the Day*. London: Vintage International
 - Doris Lessing (). *The Golden Notebook*. London: Harper Collins
 - William Golding (). *The Lord of the Flies*. London: Picador
 - Aldous Huxley (1998). *Brave New World*. London: Harper Collins (Garper Perennial)
 - Zadie Smith (2000). *White Teeth*. London: Vintage International
 - James Joyce (). *Ulysses*. London: Penguin
 - Virginia Woolf (). *To the Lighthouse*. London: Penguin
 - Julian Barnes (1984). *Flaubert's Parrot*. London: Vintage International
 - Hanif Kureishi (). *The Buddha of Suburbia*. London: Faber and Faber
 - Samuel Beckett (1982). *Waiting for Godot*. London: Grove Press
 - Harold Pinter (2000). *The Caretaker*. London: Faber and Faber
- Michael Alexander, *A History of English Literature* (2000) Anthony Burgess, *English Literature* (repr. 1993) *The Oxford Companion to Twentieth-Century Literature in English* (1996) Paul Poplawski (Gen. Edit.), *English Literature in Context* (2008) *Lecturas obligatorias: (muy importante)* Poesía: T.S. Eliot, *The Waste Land* (1922) Se facilitará una selección de poemas de W.B. Yeats, Rupert Brook, W.H. Auden, Dylan Thomas, P. Larkin, Ted Hughes, Seamus Heaney y otros, al comienzo del curso. Novela: James Joyce, "The Dead" (*Dubliners*) (1914) James Joyce, *Ulysses* (primer capítulo) (1922) Virginia Woolf, *To the Lighthouse* (1927) Kazuo Ishiguro, *The Remains of the Day*, Teatro: Harold Pinter, *The Caretaker* (1960) Samuel Beckett, *Waiting for Godot*, ETC.

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

La lectura de las obras, que debe ser previa a las clases, es fundamental para esta asignatura. Recomendase a aprendizaxe autónoma, pois os alumnos deberán preparar pola súa conta os textos das actividades prácticas para traballar despois na clase.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías